


INFORME DE ACCIÓNS DE COORDINACIÓN

(Máster en Valoración, Xestión e Protección do Patrimonio Cultural)

Curso 2022/23

R1 DO-0201 P1



INFORME DE ACCIÓNS DE COORDINACIÓN

Máster en Valoración, Xestión e Protección do Patrimonio Cultural

CURSO 2022-2023

Índice

I.	Información xeral	2
II.	Coordinación	2
III.	Accións de coordinación	3
	3.1. Calendario de xestión da planificación académica	3
	3.2. Reunións de coordinación da CAM	4
	3.3. Accións académicas docentes: PDA-POD, Guías Docentes, Horarios, Avaliación, TFM, Prácticas, Queixas do Alumnado, Admisión de alumnos	6
	3.4. Accións académicas da titulación: Promoción e publicidade, Sesión de Orientación e Acollida, Conferencia Inaugural, Sesións informativas de TFM, Sesión informativa de Prácticas, Bolsas propias de Mobilidade, Novo Regulamento interno de TFM	9
IV.	Conclusións	10

I. INFORMACIÓN XERAL

Denominación do título	Máster universitario en Valoración, Xestión e Protección do Patrimonio Cultural
Centro(s) onde se imparte o título	Facultade de Historia
Modalidade Plano de estudos	Semipresencial - <i>Online</i> Curso 22-23: Plan 2018
Curso de implantación	2014/2015
Edicións do Mestrado	9ª edición

II. COORDINACIÓN






Coordinación de título	Fermín E. Pérez Losada		
Coordinadores de módulo docente	Módulo	Coordinador	Centro
	Módulo 1	Fermín Pérez Losada	Facultade de Historia
	Módulo 2	Joaquin Martínez Sánchez	Esc. Enx. Minas e Enerxía
	Módulo 3	Beatriz Comendador Rey	Facultade de Historia
	Módulo 4 (Practicum+TFM)	Domingo Rodríguez Teijeiro	Facultade de Historia
CAM	Cargo	Responsable	Centro
	Coordinador	Fermín Pérez Losada	Facultade de Historia
	Secretario/a	Mercedes Solla Carracelas	Esc. Enx. Minas e Enerxía
	Vogal	Belén Riveiro Rodríguez	Escola Enxeñaría Industrial
	Vogal	Adolfo Fernández Fernández	Facultade de Historia
	Vogal	Elena de Uña Álvarez	Facultade de Historia
	Vogal	Joaquin Martínez Sánchez	Esc. Enx. Minas e Enerxía




III. ACCIÓNS DE COORDINACIÓN**3.1. CALENDARIO DE XESTIÓN DA PLANIFICACIÓN ACADÉMICA
(CURSO 2022-2023)**

TAREFA	RESPONSABLE	DATAS
Elaboración e aprobación PDA e oferta prazas Máster 22-23	CAM / Xta. Fac.	Febreiro-Marzo 2022
Elaboración e aprobación POD curso 22-23	CAM / Cons. Dep.	Marzo-Abril 2021
Elaboración, revisión e aprobación de Guías Docentes 22-23	Profesorado / Coord.	Xullo 2022
Aprobación do calendario xeral, horarios, probas de avaliación, cronograma de Prácticas e calendario / cronograma de convocatorias, depósito e defensa de TFM's 21-22	CAM	Xullo 2022
Listaxe valorada de admisión no Máster 22-23 (1º prazo)	CAM	Xullo 2022
Listaxe valorada de admisión no Máster 22-23 (2º prazo)	CAM	Setembro 2022
Sesión de orientación e acollida para o novo alumnado do curso 22-23	Coord. / CAM	Setembro 2022
Listaxe valorada de admisión no Máster 22-23 (3º prazo)	CAM	Outubro 2022
Programación e execución do PAT 22-23	Respons. PAT / CAM	Outubro 2022 – Outubro 2023
Sesión de presentación ao alumnado de liñas de investigación e oferta de TFM's por parte do profesorado 22-23	Respons. TFM / Coord.	Outubro- Novembro 2022
Conferencia inaugural do Máster	Coord. / CAM	Novembro 2022
Aprobación de matrículas a tempo parcial	Coord. / CAM	Novembro- Decembro 2022
Aprobación de solicitudes de convalidación (1º prazo) 22-23	CAM	Novembro- Decembro 2022
Aprobación do balance económico do exercicio 2022 e da proposta de reparto de partidas para o exercicio económico 2023	CAM	Decembro 2022
Aprobación solicitudes de TFM para convocatoria adiantada	CAM	Decembro 2022
Listaxe definitiva de TFM's para convocatoria adiantada e asignación de tribunal xulgador 22-23	CAM	Xaneiro- Febreiro 2023
Aprobación de solicitudes de convalidación (2º prazo) 22-23	CAM	Febreiro-Marzo 2023

Listaxes provisionais e definitiva de asignación de prácticas 21-22	CAM	Marzo-Abril 2023
Listaxes provisionais e definitivas de asignación de títulos e tiores/as de TFM para convocatorias ordinarias 22-23	CAM	Marzo-Abril 2023
Asignación tribunais e días/horas de actuación para defensa de TFM's convocatoria de xuño 2023	CAM	Xuño 2023
Asignación tribunais e días/horas de actuación para defensa de TFM's convocatoria de xullo 2023	CAM	Xullo 2023
Asignación tribunais e días/horas de actuación para defensa de TFM's convocatoria de setembro 2023	CAM	Setembro 2023
Aprobación Informe de coordinación	Comisión de calidade	Novembro 2023
Aprobación Informe de coordinación	CAM / Xta Fac	Novembro 2023

3.2. REUNIÓN DE COORDINACIÓN DA CAM

Data	Orde do día	Documento xustificativo
08/09/2022 CAM Extraordinaria (Virtual por mail)	Aprobación, se procedese, dos seguintes asuntos de trámite 1. Listaxe PROVISIONAL a de admitidos/excluídos no Mestrado no 2º prazo de inscrición do curso 22-23 (08/09/2022). 2. Asignación de tribunais e días/horas de actuación para lectura e defensa de TFM's na convocatoria de setembro 2022.	 Acta_CAM_2022_09_08_rev.pdf
15/09/2022 CAM Extraordinaria (Virtual por mail)	Aprobación, se procedese, do seguinte asunto de trámite 1. Listaxe DEFINITIVA de admitidos/excluídos no Mestrado no 2º prazo de inscrición do curso 22-23 (15/09/2022).	 Acta_CAM_2022_09_15_rev.pdf
04/10/2022 CAM Extraordinaria (Virtual por mail)	Aprobación, se procedese, do seguinte asunto de trámite 1. Listaxe PROVISIONAL a de admitidos/excluídos no Mestrado no 3º prazo de inscrición do curso 22-23 (04/10/2022).	 Acta_CAM_2022_10_04_rev.pdf
11/10/2022 CAM Extraordinaria (Virtual por mail)	Aprobación, se procedese, do seguinte asunto de trámite 1. Listaxe DEFINITIVA de admitidos/excluídos no Mestrado no 3º prazo de inscrición do curso 22-23 (11/10/2022).	 Acta_CAM_2022_10_11_rev.pdf
07/12/2022 CAM Ordinaria	1. Aprobación, se procedese, das actas das CAM precedentes (15/07/2022; 27/07/2022; 08/09/2022; 15/09/2022; 04/10/2022; 11/10/2022) 2. Informe do Coordinador 3. Informe da CAM sobre recoñecemento de créditos (convalidación de prácticas, materias e plan de estudos) solicitado por 7 alumnos/as no 1º prazo (novembro 2022) 4. Modificacións de oficio do POD 22-23 do Máster por causas sobrevidas de forza maior	 Acta_CAM_2022_12_07_rev.pdf

	<ol style="list-style-type: none"> 5. Visto e prace para solicitude de matrícula a tempo parcial 6. Asuntos económicos: <ul style="list-style-type: none"> • Execución de gastos (profesorado externo, mantemento web, conferencia inaugural, etc) do exercicio económico 2022 • Orzamento do exercicio económico 2023 e proposta de reparto de partidas 7. Queixa presentada polos alumnos sobre a presumible sobrecarga de traballo que implica o Mestrado 8. Rogos e preguntas. 	
20/01/2023 CAM Extraordinaria (Virtual por mail)	<p>Aprobación, se procedese, do seguinte asunto de trámite</p> <ol style="list-style-type: none"> 1. Listaxe DEFINITIVA de TFMs autorizados pola CAM (asignación de títulos e titores) para a Convocatoria Adiantada do curso 22-23. 	 Acta_CAM_2023_01_20_rev.pdf
15/03/2023 CAM Ordinaria	<ol style="list-style-type: none"> 1. Aprobación, se procedese, das actas das CAM precedentes (07/12/2022; 20/01/2023) 2. Informe do Coordinador 3. Modificacións de oficio do POD 22-23 do Máster por causas sobrevidas de forza maior 4. Asuntos de Prácticas: <ul style="list-style-type: none"> • Resolución de solicitudes de recoñecemento de créditos de Prácticas efectuadas no 2º prazo (febreiro 2023). • Listaxe PROVISIONAL de asignación de centro e titor/a de Prácticas curso 22-23 5. Listaxe DEFINITIVA de TFMs autorizados pola CAM (asignación de títulos e titores) para as convocatorias ordinarias (xuño, xullo e setembro) do curso 22-23. 6. Aprobación, se procedese, do límite de prazas, da distribución da PDA máxima (299 horas) e mais do reparto da bolsa de recoñecementos (49 horas) para o curso 23/24. 7. Rogos e preguntas. 	 Acta_CAM_2023_03_15_rev.pdf
05/05/2023 CAM Extraordinaria (Virtual por mail)	<p>PUNTO ÚNICO</p> <ol style="list-style-type: none"> 1. Aprobación, se procedese, do POD do Mestrado para o curso 2023-2024. 	 Acta_CAM_2023_05_05_rev.pdf
26/06/2023 CAM Ordinaria	<ol style="list-style-type: none"> 1. Aprobación, se procedese, das actas das CAM precedentes (15/03/2023; 05/05/2023) 2. Informe do Coordinador (calendario matrícula 23-24; bolsas mobilidade; incidencias nas prácticas; instrucións DocNet; programación horarios 23-24) 3. Asuntos de TFM: <ul style="list-style-type: none"> • Aprobación, se procedese, do novo regulamento de TFM do Máster • Asignación de tribunal e día/hora de actuación para 1 TFM depositado na convocatoria de xuño • Listaxe DEFINITIVA TFMs autorizados CAM convoc. Ordin. 22-23 (correc. Erros) 4. Rogos e preguntas. 	Acta pendente de aprobación
19/07/2023 CAM Ordinaria	<ol style="list-style-type: none"> 1. Aprobación, se procedese, das actas das CAM precedente (26/06/2023) 2. Ratificación, se procedese, da listaxe de concesión de Bolsas de Mobilidade 2023. 3. Aprobación, se procedese, das Guías Docentes do Máster (aplicación DocNet) para o curso 23-24. 4. Asuntos de TFM: <ul style="list-style-type: none"> • Aprobación, se procedese, do novo regulamento de TFM do Máster • Asignación de tribunal e día/hora de actuación para 2 TFM depositado na convocatoria de xullo 5. Aprobación, se procedese, da Listaxe Provisoria de admisión/exclusión no Máster para o curso 23-24, correspondente ao 1º prazo de inscrición (20/07/2023) 6. Rogos e preguntas. 	Acta pendente de aprobación

27/07/2023 CAM Extraordinaria (Virtual por mail)	Orde do día 1. Aprobación, se procedese, do novo regulamento de TFM do Máster. 2. Aprobación, se procedese, da Listaxe DEFINITIVA de admisión / exclusión no Máster para o curso 23-24, correspondente ao 1º prazo de inscrición (27/07/2023).	Acta pendente de aprobación
--	--	-----------------------------

3.3. ACCIÓNS ACADÉMICAS DOCENTES: PDA-POD, GUÍAS DOCENTES, HORARIOS, AVALIACIÓN, TFM, PRÁCTICAS, QUEIXAS DO ALUMNADO, ADMISIÓN DE ALUMNOS

➤ PDA-POD

18/03/2022: Aprobación na CAM da PDA do para o curso 22-23.



Informe
PDA_Aprob_CAM_18

21/04/2022: Aprobación na CAM do POD do Mestrado para o curso 22-23. Corrección de erros e modificacións de oficio en reunións posteriores.



Pod_Master_22-23_
AprobCAM_21-04-20

➤ Guías Docentes (DocNet)

04/07/2022: Comunicación por mail a tódolos profesores coordinadores de materias, enviándolle un documento coas novidades e/ou indicacións do curso (cambio de plataforma de teledocencia, planificación, metodoloxías, probas de avaliación, publicación en tres idiomas) e solicitándolle a súa revisión.



Instruccions
DocNet 22-23 Maste

04/07 a 14/07/2022: Revisión final do coordinador das guías docentes enviadas polo profesorado. Bloqueo final da aplicación unha vez que todas as materias estiveron revisadas.











DocNet_MastHTCO
3_22_23_mats revisa

15/07/2022: Aprobación das Guías Docentes na CAM.

➤ **Calendario, horarios, probas de avaliación, cronograma do TFM**

Xullo/2022: Elaboración por parte do Coordinador do calendario xeral do Máster, do calendario de datas de avaliación, do cronograma de prácticas e do cronograma semanal de sesións, actividades e probas de avaliación. Tamén se elaboran o calendario xeral do TFM e os cronogramas e protocolos de depósito e defensa nas convocatorias adiantada e ordinarias.

			
Calendario Convocatoria Adela	Calendario general master 2022-2023.pc	Calendario-Horario s Máster HTCO3 22-:	Fechas límite Evaluación 2022-202
			
HTCO3_Practicas_cronog_2022-2023.pdf	Calendario general TFM curso 22-23.pdf	Cronog protoc actua TFM Convoc	Cronog protoc actua TFM Convoc.

Xullo/2022: Revisión e corrección puntual dos horarios e cronogramas segundo as alegacións recibidas dos profesores. Aprobación destes documentos na CAM celebrada o 15/07/2022.

➤ **Cronograma, tramitación e resolución de convalidacións (recoñecemento de créditos)**

Xullo/2022: Calendario xeral de convalidacións 2022-2023.



Calendario Convalidaciones 2022

Novembro/2022: Recoñecemento de créditos (convalidacións) presentadas no 1º prazo



Inf tec Conv Prac Novembro 2022.pdf

Febreiro 2023: Recoñecemento de créditos (convalidacións) de Prácticas presentadas no 2º prazo



Inf tec Conv Prac Febreiro 2023.pdf

➤ **Asignación e realización de Prácticas**

Marzo/2023: Listaxe provisoria de asignación de Prácticas 2022-2023.



2023 Listado provisional Practicas

Abril/2023: Listaxe final de realización de Prácticas 2022-2023



2023 Listado DEFINITIVO Practica:

➤ **Aceptación de solicitudes e asignación de tribunais para lectura e defensa de TFM.**

Decembro/2022-Xaneiro/2023: Aprobación de listaxe de TFM autorizados para Convocatoria Adiantada (provisional 20/12/2022; definitiva 17/01/2023). Non se chegou a asignar tribunal porque o alumno finalmente renunciou a presentar o TFM nesta convocatoria.



Listado TFM
autoriz CAM para Cc



Listado TFM
autoriz CAM para Cc

Febreiro-Marzo/2023: Aprobación de Listaxe provisional (10/02/2023) e definitiva (10/03/2023) de solicitudes de titoración de TFM para convocatorias ordinarias. Corrección de erros á listaxe definitiva publicados o 02/05/2023 e 12/06/2023.



Listado TFM
autorizados CAM Cc



Listado TFM
autorizados CAM Cc

Xuño-Xullo-Setembro/2023: Aprobación de asignación de Tribunais (unipersoais ou colexiados) e de día/hora de actuación para a lectura de TFM nas convocatorias de xuño, xullo e setembro de 2023.



Asignacion
tribunales conv xuñ



Asignacion
tribunales conv xull



Asignacion
tribunales conv sete

➤ **Contestación e resolución de queixa presentada polo alumnado.**

Decembro/2022-Xaneiro/2023: Recepción na Coordinación dunha queixa do alumnado (30/11/2022) sobre a presumible sobrecarga de traballo que supón o Máster, complementada con outro escrito (22/12/2022) onde identifican as materias "sobrecargadas" e propoñen posibles solucións ao respecto. Debatido o tema na CAM (07/12/2022) e tratado persoalmente con cada profesor e materia afectada, a solución final adoptada consistiu na concesión dun prazo extraordinario para a entrega de probas e exercicios nas materias do Módulo II (comunicado por mail aos alumnos o 17/01/2023).



QUEIXA
ALUMNADO HTC03 :



SOLICITUDE
SOLUCIÓN Alumnad



Resoluc reclam
alumnos sobrecarga

➤ **Admisión de alumnos/as para matrícula no Máster (1º e 2º prazo).**

Xullo-Setembro/2023: Publicación das listaxes definitivas de admisión de alumnos no Máster para o curso 23-24, tanto no 1º prazo (xullo) como no 2º (setembro) e incluso no 3º prazo (outubro), aprobadas nas CAM respectivas de 27/07, 14/09 e 11/10 de 2023.

LISTA ADMISION 1º
Plazo Julio2023 MasLISTA ADMISION 2º
Prazo Setembro2023Lista Admisión
DEFINITIVA 3º Prazo

3.4. ACCIÓNS ACADÉMICAS DA TITULACIÓN: PROMOCIÓN E PUBLICIDADE, SESIÓN DE ORIENTACIÓN E ACOLLIDA, CONFERENCIA INAUGURAL, SESIÓNS INFORMATIVAS DE TFM, SESIÓN INFORMATIVA DE PRÁCTICAS, BOLSAS PROPIAS DE MOBILIDADE, NOVO REGULAMENTO INTERNO DE TFM

Xullo-Setembro 2022: Dada a mais que suficiente demanda de matrícula no Máster, manténdose a tónica do curso anterior, a promoción consistiu no *mailing* personalizado interno a tódolos graduados en Historia, Belas Artes ou Turismo da Uvigo e mais na difusión dun texto informativo básico nas redes sociais (Facebook, Twitter, Instagram) da Facultade de Historia.

Texto Promoc
Master HTCO3 cursc

Setembro 2022: Habitual xornada de orientación e acollida ao alumnado (lévase facendo desde 2017), celebrada en aula virtual de *Campus Remoto* o 21/09/2022. A sesión foi grabada, quedando a disposición dos alumnos/as no espazo común da plataforma MooVi do Mestrado.

Outubro-Novembro 2022: Acto de presentación ao alumnado do TFM, que neste curso se decidiu repartir entre dúas sesións diferenciadas, a primeira adicada á información da organización, estrutura, prazos e procedementos do TFM (*Campus Remoto*, 20/10/2022) e a segunda á presentación de liñas de investigación e oferta de TFMs por parte do profesorado do Mestrado (*Campus Remoto*, 10/11/2022). Ambas sesións foron grabadas, quedando a disposición dos alumnos/as na plataforma MooVi da materia TFM.

Outubro 2022: Sesión informativa para os alumnos sobre as prácticas externas do Máster, impartida polo Prof. coordinador de Prácticas en *Campus Remoto* o día 13/10/2022. A sesión foi grabada, quedando a disposición dos alumnos/as na plataforma MooVi da materia Prácticas.

Novembro 2022: Conferencia inaugural invitada do Máster, a cargo dun recoñecido profesional/investigador en materia de Patrimonio Cultural, que nesta ocasión foi Roger Sala Bartolí (Arqueólogo xerente da empresa SOT Archaeological Prospection), quen impartiu a charla titulada "*Geofísica Arqueolóxica. Abriendo el foco y reduciendo el impacto. Aplicaciones recientes*" en sesión *Campus Remoto* o 24/11/2022. A conferencia tamén foi grabada, quedando a disposición dos alumnos/as no espazo común da plataforma MooVi do Mestrado.

Maio-Xullo/2023: Convocatoria de bolsas propias da Uvigo para mobilidade do Mestrado (2 bolsas de 100 € para desprazamentos diarios sen cambio de residencia, para realizar as prácticas ou TFM); Houbo dúas solicitantes que cumprían os requisitos, co cal ambas bolsas foron finalmente concedidas.



Convoc Bolsas
Mobilid Master 22-2



Listaxe concesión
Bolsas Mobilidade 2

Decembro 2022 - Xullo 2023: Elaboración e aprobación dun novo “Regulamento interno de TFM do Máster”, por mor da necesaria adaptación á nova normativa de TFM aprobada pola Uvigo o 31/10/2022. O regulamento xa comezou a ser discutido desde decembro (CAM do 07/12/2022), sendo acordados paulatinamente algúns dos seus puntos durante 2023, ata a aprobación definitiva do texto final na CAM do 27/07/2023. Non obstante, as novidades na tipoloxía de tribunais (unipersoais ou colexiados) xa comezou a ser aplicada preliminarmente desde a convocatoria de xuño de 2023.



Regulamento TFM
xullo2023_DEF.pdf

IV. CONCLUSIÓNS

No curso 2022-2023 decae un tanto a demanda de matrícula respecto ao curso precedente, pero aínda así se mantivo relativamente alta e estable, con 39 solicitudes. No 1º prazo (xullo 2022) xa houbo que valorar e baremar aos candidatos/as, quedando 7 solicitantes en lista de espera. Non obstante, como infelizmente xa semella ser habitual, houbo moitas renuncias voluntarias á matrícula, non completándose preliminarmente a oferta de 20 prazas, o cal fixo necesario abrir o 2º prazo de inscrición (8 novas solicitudes) e incluso o 3º prazo, con 1 solicitude máis. Finalmente, tras novas renuncias, o número de alumnos matriculados quedou establecido en 20 persoas, malia que posteriormente (a finais de outubro) houbo unha anulación voluntaria dun alumno, co resultado de 19 o alumnos reais matriculados.

En todo caso, pese á redución da demanda, o interese académico e social de matrícula no Mestrado semella ficar estabilizado e sostible nas 20 prazas, manténdose lixeiramente por riba da media de 19,25 matrículas obtida nas últimas 8 edicións da titulación. Tamén se mantén a media de estudantes estranxeiros, tanto sexan procedentes do EEES (1) como de fóra do mesmo (1), estes últimos sempre de América Latina. Respecto ao estudantado de orixe nacional, mantense invariable a presenza de alumnos da UVigo (7) fronte á diminución dos procedentes das outras universidades galegas (pasa de 8 a 4), e o lixeiro aumento dos que proveñen de universidades do resto

de España (pasa de 4 a 6). Estes datos fican resumidos no cadro seguinte:

Curso	Solicit.	Matric.	Estranx. Amer. Lat.	Estranx. EEES	Uvigo	Univ. Galicia	Univ. España
22-23	39	20	1	1	7	4	6
21-22	65	21	1	1	7	8	4
20-21	33	19	2	0	4	6	7
19-20	42	21	2	1	8	6	4
18-19	29	16	1	1	4	6	4
17-18	33	20	2	1	5	6	6
16-17	27	19	3	1	s.d.	s.d.	s.d.
15-16	43	20	0	0	s.d.	s.d.	s.d.
14-15	27	18	0	0	s.d.	s.d.	s.d.
MEDIA	37,38	19,25	1,25	0,63	5,6	6,4	5,0

Polo demais, os labores de coordinación académica e docente foron os habituais, xa ensaiados e testados en cursos precedentes: aprobación da PDA e POD para o curso 22-23 (febreiro-abril 2022); elaboración, revisión e aprobación das Guías Docentes (xullo 2022); elaboración e aprobación de calendarios, horarios e probas de avaliación (xullo 2022); programación do plan de acción tutorial (PAT); publicación das listaxes de admisión no curso 23-24 nos tres prazos nos que estivo aberta (xullo, setembro e outubro 2023).


A totalidade da docencia do Máster continúa a ser *online*, producíndose durante este curso o cambio de plataforma de teledocencia (abandonouse *e-meeting* en favor de *Campus Remoto*), feito que non supuxo ningunha incidencia ou problema notable no desenvolvemento da docencia. Respecto ás Prácticas -única actividade propiamente “presencial” do Máster- mantivéronse as medidas ensaiadas nos cursos precedentes derivadas da COVID-19, isto é, permitir os cambios extraordinarios de centro ou empresa e, sobre todo, ampliar grandemente o período de realización, incluíndo os meses de verán (xullo e agosto). Dado o perfil “profesional” de bastantes dos estudantes, 7 deles optaron por convalidar as prácticas, fronte a un número moito maior (13 estudantes) que decidiron facelas presencialmente.

As accións de índole académica estiveron restrinxidas á unha mínima campaña informativa do Máster canda o 1º prazo de matrícula (xullo 2022), á habitual xornada de orientación e acollida ao alumnado (lévase facendo desde 2017), á duplicación da xornada informativa do TFM (1º sesión adicada á estrutura/funcionamento do TFM; 2º sesión de presentación de liñas/temas de TFM ofertadas polo profesorado) e mais á continuidade da celebración dunha Conferencia Inaugural invitada no Máster (a 1ª foi no curso 21-22). Como novidades de índole académica son de sinalar o tratamento e resolución, creemos que suficientemente satisfactoria, das protestas dos alumnos sobre unha hipotética “sobrecarga” de traballo (entrega de moitos exercicios e proxectos) nas materias do módulo II, mediante a ampliación extraordinaria dos prazos de entrega dos mesmos.

Outra acción académica a destacar é a elaboración, aprobación e aplicación preliminar dun novo Regulamento interno do TFM, tentando dar resposta a un problema endémico e recorrente do Máster como é o baixo número de TFMs defendidos por curso académico. O novo regulamento posibilita a realización de TFMs en empresas e institucións e, sobre todo, establece novas tipoloxías de tribunais a elección do alumno (unipersoais ou colexiados), que facilitan e promoven a súa lectura e defensa, ao seren moito mais flexibles e adaptados á especificidade de cada traballo.

Aínda é cedo para valorar se as novidades introducidas polo novo regulamento, aplicadas xa desde a convocatoria de xuño de 2023, van implicar un incremento significativo nas defensas de TFM. De momento, os 10 TFM lidos durante o curso 22-23 xa supoñen un certo incremento con respecto aos dous cursos precedentes (8 TFMs lidos en cadanseu curso). Non obstante, tamén é verdade que aínda continúa a ser baixo o número de TFMs correspondentes a alumnado do propio curso (4) fronte ao de alumnos procedentes de cursos anteriores (6), ou ben que case todas as defensas sigan sendo na convocatoria de setembro (7), sendo soamente 3 os lidos nas convocatorias de xuño e xullo.

Ourense, a 3 de novembro de 2023



Asdo. Fermín E. Pérez Losada
Coordinador do Máster HTCO3